



Eleccións Consello Escolar 2024

PALABRAS CLAVE NUNHAS ELECCIÓN

| | |
|--------------------------|---|
| CONSELLO ESCOLAR | É un órgano colexiado de goberno do centro a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar. |
| ÓRGANO CONVOCANTE | A Consellería de Educación, en RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18/09) |
| ELECCIÓN | Celébranse cada dous anos para renovar ao membros do Consello |
| XUNTA ELECTORAL | É un órgano que organiza as eleccións, e está formado por: -O director/a que exerce como presidente -Unha profesora/or que exerce como secretaria/o por sorteo -Unha nai/un pai de alumnado do centro, por sorteo -Unha alumna ou alumno, por sorteo -Un representante do persoal administración e servizos (PAS), por sorteo |
| CENSO ELECTORAL | É unha lista das persoas que poden votar nas eleccións: -Profesorado: todos agás o profesorado substituto -Pais e nais ou titores legais do alumnado matriculado -Alumnado matriculado no centro -Todo o persoal non docente destinado no centro |
| CANDIDATAS/OS | Todos os traballadores do centro, o alumnado matriculado e os seus pais e nais ou titores legais que voluntariamente queiran presentar a súa candidatura para representar ao respectivos sectores. Nestas eleccións, no IES RICARDO MELLA, haberá que elixir a: -4 profesoras/es -3 nais ou pais (máis o designado pola ANPA do centro) -4 alumnas/os -1 persoal de administración e servizos |
| MESA ELECTORAL | Son os membros elixidos por sorteo, encargados de presidir a votación, conservar a orde, velar que voten os incluídos nos respectivos censos, realizar o escrutinio (contar os votos) e levantar acta: MESA PAIS NAIS: Directora do Centro e catro pais/nais por sorteo MESA ALUMNADO: Directora Centro e dous alumnas/os por sorteo MESA PAS: Directora e Secretaria do Centro, e un representante PAS (a persoa de maior idade). |
| SUPERVISORAS/ES | Vixían o traballo das mesas electorais. Poder ser aqueles propostos pola ANPA ou Asociación de Alumnado ou aqueles avalados por sinaturas de 10 electores. |